

---

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*TRANSCENDENCIA E CIDADANÍA*

ESTUDO MITOCRÍTICO DOS RELATOS  
DE X. L. MÉNDEZ FERRÍN

MARÍA CARREIRA LÓPEZ

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS  
UNIVERSIDADE DO ALGARVE

2021

---

## ÍNDICE XERAL

PRÉFACE, de Chao-Ying Durand-Sun .....	9
1. O MÉTODO DE GILBERT DURAND .....	13
2. RELACIÓN PAI-FILLO: O ESMORECEMENTO DA CASTE .....	22
3. VARIACIÓNS SOBRE O SACRIFICIO.....	47
4. A <i>QUESTE</i> . CUESTIÓNS SOBRE A IDENTIDADE, O PODER E O TEMPO .....	81
5. <i>HIEROS MYTHOS, HIEROS GAMOS, HIEROS LOGOS</i> .....	137
6. TRANSCENDENCIA E CIDADANÍA.....	161
VERBAS DERRADEIRAS, de María Xesús Lama López .....	167
BIBLIOGRAFÍA .....	169



# Mitocrítica ferriniana



ARMANDO REQUEIXO  
armando.requeixo@hotmail.com



TRANSCENDENCIA E  
CIDADANÍA  
MARÍA CARREIRA LÓPEZ  
Centro de Estudos Galegos da  
Universidade do Algarve

A escrita de Xosé Luís Méndez Ferrín é unha das achegas máis relevantes da literatura galega do último medio século. Consecu-

entemente, moitos teñen sido xa os estudos, monografías, teses de doutoramento, volumes colectivos, recolleitas en homenaxe e outro tipo de traballos científicos que centraron a atención na súa vasta e sobresaliente obra, que abrangue tanto a poesía coma o teatro, igual a narrativa ca o ensaio e que supera xa amplamente a trintena de títulos.

Non pode dicirse, por tanto, que non sexa a súa unha traxectoria estudada e analizada, mais, como acontece coa obra de todos os autores de mérito, sempre é posible aseñala-la dende novas perspectivas que iluminen ángulos ou vertentes que, ata o de agora, permanecían en semi-sombra ou que recibiran menos atención.

Precisamente por iso coido que debe valorarse a importante contribución que supón un texto como *Transcendencia e cidadanía*, da investigadora de orixe galega radicada en Barcelona María Carreira López, quen condensa aquí o froito de moitos anos de pescuda para a que foi a súa tese doutoral.

Este amplo ensaio de case dous centos de páxinas de apertada letra teñen como columna vertebral a consideración da produción ferriniana dende un enfoque ben definido, tal como anuncia o subtítulo do libro: "Estudo mitocrítico dos relatos de X. L. Méndez Ferrín". Noutras palabras: o que aquí se analiza son "os núcleos mitolóxicos, os arquetipos ou as invariantes antropolóxicas que se manifestan (de xeito patente) ou se insinúan (de maneira latente) nunha obra escrita ou oral", segundo explica moi didacticamente Chao-Ying Durand-Sun no prefacio ao libro, pois nesta obra aplícanse as teorías da mitoanálise propias da mitocrítica fundada polo teórico francés Gilbert Durand á narrativa de Méndez Ferrín.

De xeito resumido, a investigación de Carreira López constata que toda a prosa do autor reproduce determinadas arquitecturas macrotexuais que participan de mitemas converxentes, de elementos míticos que, unha e outra vez, informan os seus relatos. Deste xeito, é posible determinar que, dende os seus primeiros libros ata os máis recentes, se ten producido un movemento dende o polo 'involutivo' do conflito paterno-filial e do



María Carreira López

elemento sacrificial (que representan o estatismo, a morte, o pechamento e a dor) ata o polo 'evolutivo' que encarnan a 'queste' e o 'hieros gamos' como elementos dinámicos dunha apertura cara ao progreso e á superación de todo o negativo. Neste sentido, a cosmovisión ferriniana aliméntase de vetas míticas que ancoran no poder do feminino e da soberanía que espella o mito da Gran Deusa, pero tamén na realeza perdida como ideal do país que puido ser e o non foi, no retiro iniciático e no dominio do lume como propios do mito heféstico e, sobre todo, nos esquemas míticos de Edipo e Hermes, que sosteñen os conceptos de cidadanía e transcendencia respectivamente.

Sintetizan e dan as claves para mellor comprender todo o anterior as "Verbas derradeiras" que a profesora da Universidade de Barcelona María Xesús Lama, directora de tese de Carreira López, dispón como epílogo ao volume, que se pecha cunha ben escolleita bibliografía na que atopar ampliacións, puntos de contraste e suxestións de diálogo ás cuestións académicas tratadas neste libro.

*Transcendencia e cidadanía. Estudo mitocrítico dos relatos de X. L. Méndez Ferrín* é cuarto volume da destacada Colección Textos e Estudos que publica o Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve, unha serie na que foron aparecendo previamente outros interesantes ensaios verbo de *O Romanceiro Tradicional de Galicia* (revisitación do 2017 dunha monografía de Ana Valenciano antes publicada polo Centro Ramón Piñeiro), *O léxico do sufrimento nas Cantigas de Santa María* (traballo da tamén profesora María Jesús Botana Vilar) e *O legado epistolar de José Mejuto Bernárdez* (coasinado por Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez González e Ana Paula Mejuto).

Todas aquelas persoas que desexen profundar na semántica profunda, nos símbolos esenciais e na reelaboración mítica da narrativa de Méndez Ferrín por forza agradecerán a frecuentación deste *Transcendencia e cidadanía*, un ensaio rigoroso e clarificador que cómpre agradecerlle a María Carreira López, experimentada e sabia mitocrítica.